

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 20/07/2026
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

CARLOS COIRA LOJO

DIEGO GARCIA SANTIAGO

JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

PAOLA MARIA MOCHALES

SONIA OUTÓN CASAL

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTORA ACCTAL

MARÍA BERMUDEZ OUTÓN

(Asiste á sesión na parte relativa aos asuntos de
Facenda, Patrimonio e Contas)

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 12:00 horas do día 20/07/2026 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 13 de xullo de 2026, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2026/2445

Visto o escrito presentado por D. Jacinto López Díaz , solicitando sinalizar unha zona reservada para o estacionamento dos seus pacientes no Centro Médico Jacinto López, na Travesía Rodrigo de Mendoza, fronte ao local destinado a fisioterapia, do citado Centro Médico.

Visto o informe da Policía Local sinala que non se pode considerar como unha reserva das previstas na ordenanza de circulación como ás xerais de carga e descarga, e sería estacionamento reservado para os usuarios dun establecemento determinado e polo tanto terían a consideración de reserva de carácter particular, concedéndose unicamente para casos excepcionais, motivo polo que se comunica que podería concederse a reserva para unha ambulancia, no suposto en que estivese interesado e así o comunicase.

PRP2026/2605

Dáse conta do escrito presentado por Dona Maria Teresa Arzúa Tizón, solicitando autorización para ocupación de vía pública coa instalación dun posto de venda de rosquillas na Praza da Liberdade, en Carril, os días 24, 25, 26 e 27 de xullo, con motivo das Festas de Santiago Apóstolo e San Fidel.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público,

polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2026/2609

Dáse conta do escrito presentado por Don Moises Campos Maneiro en representación da Asociación Enanito de las Uvas, no que solicita autorización para ocupación de vía pública, coa colocación de dúas barras, de 5 metros cada unha, na Praza da Liberdade, de Carril, os días 26 e 27 de xullo de 2026, con motivo das Festas na honra de San Fidel.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns, deberá instalar un aseo público no exterior.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2026/2597

Dáse conta do escrito presentado polo Bloque Nacionalista Galego, solicitando autorización para organización por parte de Galiza Nova O Salnés, dun acto público sobre feminismo LGTBIQ+, no Parque de Ravella, o día 20 de xullo, de 2026, en horario de 17:30 a 21:00 horas..

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2026/2595

Dáse conta do escrito presentado por Dona Fuensanta Portas Vázquez, solicitando autorización para a realización dunha actuación musical, fronte ao establecemento "La Riviere Laterio", na Rúa Nicolas Viqueira Conde 7, baixo, o día 16 de xullo de 2026, en horario de 20:00 a 00:00 horas.

Dáse conta de informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2026/2592

Dáse conta do escrito presentado por Dona Maria Teresa Arzua Tizón, solicitando autorización para ocupación de vía pública coa instalación dun posto de venda de rosquillas, na Praza da Liberdade, en Carril, o día 16 de xullo de 2026, con motivo das Festas do Carme.

Dáse conta de informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2026/2565

Dáse conta do escrito presentado por Cine Club Adegas, solicitando autorización para o pintado dun mural temático sobre os históricos cinemas das Rúas Castelao, sendo no Edificio situado no nº 20 da Rúa Castelao, entre o Comercio de antigüidades "El Hogar" e o edificio onde está situada a sede de UGT, sendo a data de realización do mural o día 15 de xullo de 2026.

Dáse conta de informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2026/2566

Dáse conta do escrito presentado por D. Francisco Manuel Pajares Piñeiro, solicitando autorización para a instalación dunha pantalla xigante na Zona do Castro (Establecemento Tantra), para a retransmisión dos partidos do Mundial 2026, os días 2, 6, 10, 14 e 19 de xullo de 2026.

Dáse conta de informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2026/2567

Dáse conta do escrito presentado por Dona Maria Laura Sánchez Barros, solicitando a instalación dun musico ou un altofalante na terraza exterior do establecemento "As Tapas de Laura Alegría", ou no interior, en caso de choiva, o día 18 de xullo de 2026, en horario de 12:30 a 14:30 e de 20:30 a 00:30 horas, con motivo dun torneo de xadrez.

Dáse conta de informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2026/2568

Dáse conta do escrito presentado por D. Adrián Santorum Rey, solicitando autorización para celebración todos os xoves de verán, de concertos na Rúa Camilo José Cela, entre os números 7 e 9, dende o 9 de xullo ata o 27 de agosto de 2026, en horario de 21:00 a 23:00 horas, coa denominación de "Os Xoves nas Pistas IV".

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2026/2569

Dáse conta do escrito presentado por D. Eladio Fernández Pérez, en representación de Asociación Special Olympics Galicia, solicitando autorización para reserva de estacionamento nas inmediacións da Praia de Compostela o día 10 de xullo de 2026, para catro vehículos (furgonetas) e o día 11 de xullo de 2026 para 3 vehículos (furgonetas).

Dáse conta de informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2026/2570

Dáse conta do escrito presentado por D. Xoan Xosé Mariño Rubio, en representación de Mister Misto Production And Services SL, solicitando autorización para instalación unha pantalla Led na Praza da Constitución, os días 10, 14 e 19 de xullo de 2026, a partir das 18:00 horas, con motivo dos partidos do Mundial 2026.

Dáse conta de informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2026/2571

Dáse conta do escrito presentado por D. Martín Vázquez Blanco, en representación de Goahead Restauración 2020 SL, solicitando autorización para instalación unha pantalla na Rúa Romero Ortiz (Cafetería Diurno), a partir do día 10 de xullo de 2026, para ver os partidos da Selección Española no Mundial de Fútbol 2026.

Dáse conta de informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2026/2572

Dáse conta do escrito presentado por Dona Maria Montserrat Luna Maquieira, en representación de O Muiño Vello CB, solicitando autorización para instalación unha pantalla na terraza do establecemento O Muiño Vello, na Avda. Rodrigo de Mendoza, os días 10, 14 e 19 de xullo de 2026, ás 21:00 horas, con motivo dos partidos do Mundial 2026.

Dáse conta de informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2026/2562

Dáse conta de proposta do Servizo de Vías Públicas, na que se indica que se detectaron filtracións de auga na antiga Escola Unitaria de Cornazo. Este inmovible municipal atópase actualmente desafectado do seu uso educativo orixinario e destínase a usos socioculturais, sendo empregado como casa da cultura polas asociacións veciñais. As filtracións localízanse nas zonas próximas ás chemineas da cuberta, o que está a provocar humidades no interior do edificio e deterioro nas paredes e teitos das aulas situadas no piso superior.

Polo tanto resulta necesario executar actuacións de reparación e impermeabilización da cuberta co fin de eliminar as filtracións existentes e garantir a correcta conservación do inmovible.

As obras consisten en:

- Reparación da entrada de auga nas zonas da cheminea.
- P.A. de desmontaxe de tellas ao redor da cheminea para facer chapados contra chemineas.
- P.A. de impermeabilización de ambas chemineas con pintura de chorocaño fibrado.
- Inclúe os medios auxiliares para a correcta execución dos traballos (máquina elevadora e/ou andamios).

Por todo o anteriormente exposto, a Xunta de Goberno Local acorda:

1. Autorizar e dispoñer o gasto correspondente ao contrato menor de obras consistente na reparación das filtracións de auga na antiga Escola Unitaria de Cornazo, inmovible municipal actualmente destinado a usos culturais, por un importe de 2.662,00 € IVE incluído, con cargo á partida orzamentaria 334-63200, PROXECTO 2024/2/PREST/12.
2. Adxudicar o contrato menor de obras a REFORMAS TREBOL S.L. (B94128675) de conformidade co orzamento incorporado ao expediente.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2026/2547

Dáse conta de proposta do Servizo de Alumeado Público, Auditorio, Parking Xoan XXIII e

Estacións de Bombeo, no que se indica:

As estacións de bombeo de Cea Río, Muiño Novo (A Laxe), Vilaxoán e Mar Pequeno presentan diferentes incidencias que fan necesaria a adquisición de novos equipos de impulsión para garantir a continuidade do servizo público de saneamento.

No bombeo de Cea Río, o bombeo presenta un avanzado estado de deterioro e desgaste dos seus compoñentes mecánicos, resultando inviable a súa reparación e sendo necesaria a súa substitución por un novo equipo.

No bombeo de Muiño Novo (A Laxe), unha das bombas atópase totalmente queimada, sen posibilidade técnica de reparación, polo que resulta imprescindible a súa renovación para manter a capacidade operativa da instalación.

Do mesmo xeito, no bombeo de Vilaxoán unha das bombas sufriu unha avaría grave por queimadura do motor, sendo inviable a súa recuperación e requirindo a adquisición dun novo equipo.

Por outra banda, considérase necesario dispoñer dunha nova bomba destinada ao bombeo de Mar Pequeno, co fin de garantir a dispoñibilidade de equipamento de reserva para facer fronte a posibles incidencias e asegurar a continuidade do servizo.

Cómpre sinalar que todos os bombeos mencionados dispoñen actualmente dunha segunda bomba en bo estado de funcionamento, polo que a prestación do servizo está garantida a curto prazo. Non obstante, durante os períodos de maior demanda, especialmente na época estival, resulta imprescindible restablecer a configuración de dobre equipo para asegurar a capacidade de bombeo necesaria e evitar alivios aos regatos ou ao medio receptor.

A situación descrita supón un risco ambiental e sanitario, xa que a indispoñibilidade destes equipos podería provocar vertidos incontrolados e afectar ao correcto funcionamento da rede municipal de saneamento.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto por importe de 17206.50 € (IVE incluído), con cargo á partida 160.61900, a favor de Sulzer Pumps Wastewater Spain, S.A., para a adquisición de kit de impulsión, tres bombas centrífugas submerxibles e accesorios destinados aos bombeos de Cea Río, Muiño Novo (A Laxe), Vilaxoán e Mar Pequeno, co fin de garantir o correcto funcionamento do sistema de saneamento municipal, de conformidade co orzamento presentado:

1. Cea Río

PIPEWORK KIT SYNC.900B PUMP GG

- Total: 2.207,95€

2. Muiño Novo (A Laxe)

- Bomba XFP-PE1-80C-VX.3-PE22_4G-EX: 2.125,00 €
- Portes: 45,00 €
- Total: 2.170,00 €

3. Vilaxoán

- Bomba XFP-PE3-200G-CB1.4-PE140_4G-EX: 7.450,00 €
- Adaptador a pedestal DN200: 283,50 €
- Portes: 225,00 €
- Total: 7.958,50 €

4. Mar pequeno

- PUMP PIR-S26/2-50-400:10-KFM 1883.8 €

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2026/2581

Dáse conta do escrito presentado polo Club Xadrez Fontecarmoa, solicitando autorización a celebración dos Torneos Nocturnos Xadrez Verán Enroque, os días 18 de xullo (Rúa Arcebispo Xelmirez 36-Zona peonil Bar Alegría), o 31 de xullo (Avda. da Mariña 50 - Alameda) e o día 28 de

agosto (Centro Comercial Arousa), así como cesión de 25 mesas, 100 cadeiras e iluminación nos lugares de celebración.

Visto o informe do Director Deportivo da Fundación de Deportes, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a actividade e a cesión do material solicitado.

O Clube Xadrez Fontecarmoa deberá presentar os seguros de Responsabilidade Civil e de accidentes para todos os participantes de dita actividade.

PRP2026/2639

Dáse conta do escrito presentado por PIROTECNIA MILLARENGO FABRICA Y DISPARO S.L., comunicando que ten contratado un servizo pirotécnico (fogos de ruidos) de menos de 10 kg. de contido explosivo neto (NEC) segundo o vixente Regulamento de Artículos Pirotécnicos e Cartuchería (RD 989/2015, de 30 de outubro - BOE 267/2015), para o día 19 de xullo de 2026, con motivo da celebración dun acto relixioso en Carril.

Dáse conta de que o Pleno da Corporación Municipal, en sesión de data 28 de maio de 2026 adoptou o seguinte acordo:

- O Concello de Vilagarcía comprométese á redución das bombas de palenque nas festas e celebracións que teñan lugar no concello.
- O Concello de Vilagarcía constituirá un grupo de traballo, co obxectivo de elaborar propostas e medidas orientadas á diminución das bombas de palenque.

Vista a documentación aportada, o informe da Policía Local, e o acordo do Pleno da Corporación Municipal, a Xunta de Goberno Local queda sabedora da realización do espectáculo de pirotecnia solicitado, debendo axustarse á normativa de aplicación e ter en conta as restricións que para o lanzamento de artigos pirotécnicos sexa emitida pola autoridade competente, por risco de incendios.

PRP2026/2640

Dáse conta do escrito presentado por PIROTECNIA RICARDO RESUA S.L., comunicando que ten contratado un servizo pirotécnico (fogos de ruidos) de menos de 10 kg. de contido explosivo neto (NEC) segundo o vixente Regulamento de Artículos Pirotécnicos e Cartuchería (RD 989/2015, de 30 de outubro - BOE 267/2015), para os días 11 e 12 de xullo de 2026, con motivo da celebración dun acto relixioso en Cornazo.

Dáse conta de que o Pleno da Corporación Municipal, en sesión de data 28 de maio de 2026 adoptou o seguinte acordo:

- O Concello de Vilagarcía comprométese á redución das bombas de palenque nas festas e celebracións que teñan lugar no concello.
- O Concello de Vilagarcía constituirá un grupo de traballo, co obxectivo de elaborar propostas e medidas orientadas á diminución das bombas de palenque.

Vista a documentación aportada, o informe da Policía Local, e o acordo do Pleno da Corporación Municipal, a Xunta de Goberno Local queda sabedora da realización do espectáculo de pirotecnia solicitado, debendo axustarse á normativa de aplicación e ter en conta as restricións que para o lanzamento de artigos pirotécnicos sexa emitida pola autoridade competente, por risco de incendios.

PRP2026/2632

Dáse conta do escrito presentado por Asociación de Veciños Breogán, solicitando autorización para pechar ao tráfico a Rúa Camilo José Cela, no Piñeiríño, o día 17 de xullo de 2026 por mor da celebración dun concerto da Banda de Música de Vilagarcía de Arousa.

Dáse conta de informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2026/2636

Dáse conta do escrito presentado por Asociación Centro Cultural e Deportivo Sixto, solicitando autorización para ocupación de vía pública o día 1 de agosto de 2026, coa instalación de 4 inchables e festa de espuma, de 17:00 a 21:00 horas.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberán adoptar as medidas de seguridade precisas para a instalación dos inchables, de conformidade coa normativa de aplicación.
- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas

PRP2026/2638

Dáse conta do escrito presentado por D. Manuel Abalo Portas, en representación de Club Arosa SC, solicitando autorización para ocupación de vía pública, na Praza de Galicia, dende o día 14 de xullo ata o día 1 de agosto de 2026, en horario de 11:00 a 13:00 horas, así como a cesión dunha carpa, co fin de publicitar ao equipo e ao club.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2026/2637

Dáse conta do escrito presentado por D. Eladio Fernández Pérez, en representación de Asociación Special Olympics Galicia, solicitando autorización para reserva de estacionamento diante do Museo do Ferrocarril o día 12 de xullo de 2026, para cinco vehículos (4 furgonetas e 1 turismo) e o día 12 de xullo de 2026, en horario de 10:30 a 13:30 horas.

Dáse conta de informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2026/2635

Dáse conta do escrito presentado por Don Guillermo Fernández Sánchez en representación da Asociación Cultural e Lúdica O Apostoliño, no que solicita autorización para ocupación de vía pública, coa colocación de dúas barras, de 5 metros cada unha, na Praza da Liberdade, de Carril, os días 24 e 25 de xullo de 2026, con motivo das Festas na honra de Santiago Apóstolo.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns, deberá instalar un aseo público no exterior.

- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

RECURSOS HUMANOS

PRP2026/2590

En sesión plenaria do 27 de xullo de 2023 acordouse fixar como aportación para gastos de sostemento dos grupos municipais a cantidade mensual de 350,00 € como compoñente fixo e 300,00 € como compoñente variable en función do número de concelleiros do grupo con efectos retroactivos do 17 de xuño de 2023.

A Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de obriga a favor dos seguintes grupos municipais, por importe total de 7.700,00 €, con cargo á partida 912.489, polo período do 01 ao 30 de xuño de 2026, coa seguinte desagregación:

GRUPO MUNICIPAL	Número concelleiros	Comp. Fixo €	Compoñente variable €	Total Mes xullo
PARTIDO POPULAR G36573152	9	350,00	300,00 x 9 = 2.700,00 €	3.050,00 €
PSdeG-PSOE G36573277	9	350,00	300,00 x 9 = 2.700,00 €	3.050,00 €
BNG V36594372	2	350,00	300,00 x 2 = 600,00 €	950,00 €
ESQUERDA UNIDA V94192663	1	350,00	300,00 x 1 = 300,00 €	650,00 €
TOTAL 7.700,00 €				

PRP2026/2591

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos/as Sres./as Concelleiros/as, membros da Corporación Municipal, polos importes que a seguir se din, correspondentes a asistencia a sesións do Pleno, Xuntas de Goberno, Comisións Informativas e Xerencias de Urbanismo, do 1 ao 30 de xuño de 2026, por un importe total de 7.400,00 € e con cargo á partida 912.233:

CARGO ELECTO	PLENOS E XGL		COMISIÓNS INFORMATIVAS		MESA CONTRATACIÓN XERENCIA URBANISMO		TOTAL EUROS
	Nº sesións	Importe	Nº sesións	Importe	Nº sesións	Importe	
D. CARLOS COIRA LOJO	6	x 150,00 €	2	x 125,00 €	1	x 50,00 €	1.200,00 €
D. DIEGO GARCIA SANTIAGO	1	x 150,00 €	---	x 125,00 €	---	x 50,00 €	150,00 €
D ^a LUZ MARIA ABALO PÉREZ	6	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	1.150,00 €
D. JOSÉ MARÍA GONZÁLEZ ARAÚJO	4	x 150,00 €	2	x 125,00 €	1	x 50,00 €	900,00 €
D. JUAN ANDRES BAYON ROLO	---	x 150,00 €	---	x 125,00 €	---	x 50,00 €	---
D ^a M ^a ELENA SUAREZ SARMIENTO	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	1	x 50,00 €	450,00 €
D. JESUS REY RODRIGUEZ	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	400,00 €
D. ROBERTO DOMINGUEZ BUSTELO	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	1	x 50,00 €	450,00 €

D. RAUL SANTAMARÍA GONZÁLEZ	1	x 150,00 €	---	x 125,00 €	---	x 50,00 €	150,00 €
Dª MARTA MARÍA FERRADANS PADIN	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	400,00 €
D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	400,00 €
D. JULIO VARELA CARDALDA	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	400,00 €
D. FRANCISCO JAVIER RODRIGUEZ PAZ	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	400,00 €
Dª ROSA Mª ABUIN RODRIGUEZ	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	2	x 50,00 €	500,00 €
D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	1	x 50,00 €	450,00 €
TOTAL							7.400,00 €

PRP2026/2633

Vista a proposta da Técnica de medio ambiente e o informe do Negociado de Recursos Humanos, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as bases e a convocatoria para levar a cabo a selección do persoal da brigada que realizará labores de prevención de incendios forestais 2026, polo procedemento de concurso-oposición libre de 3 postos de peón de brigada (Grupo AP, nivel CD 9 e CE 34), 1 posto de peón-condutor (Grupo AP, nivel CD 9 e CE 34) e 1 xefe/a de brigada (Grupo C1, nivel CD 13 e CE32), cunha duración máxima de 3 meses a xornada completa.

A convocatoria para dito proceso se levará a cabo a través de anuncio en prensa para maior publicidade.

BENESTAR SOCIAL

BENESTAR SOCIAL

PRP2026/2611

Nas Bases de Execución do Orzamento do exercicio 2026 recóllese a concesión dunha subvención nominativa á entidade Fundación Acción Contra el Hambre, con N.I.F. G81164105,, por importe de 17.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 231-48002.

A subvención tramítase en réxime de concesión directa, conforme ao artigo 22.2.a) da Lei 38/2002, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e ao artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao estar nominativamente prevista no orzamento municipal.

A entidade realiza a actividade de promover a inclusión socio laboral de persoas desempregadas en situación ou risco de exclusión mediante o “Proxecto Vives Emprega Vilagarcía”, detectándose a necesidade de apoio económico para garantir a continuidade ou mellora das actuacións.

Polo exposto a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar o convenio para a concesión directa de subvención nominativa 2026.
- A autorización e compromiso de gasto a entidade Fundación Acción Contra el Hambre, con N.I.F: G81164105 por importe de 17.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 231-48002 dentro do proxecto de gasto do PROXECTO PLAN CONCERTADO 2026/3/CRRTE/1/1

PRP2026/2608

Nas Bases de Execución do Orzamento do exercicio 2026 recóllese a concesión dunha subvención nominativa á Cromosomos X - con N.I.F. G01830512, por importe de 500,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 231-48002.

A subvención tramítase en réxime de concesión directa, conforme ao artigo 22.2.a) da Lei 38/2002, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e ao artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de

xuño, de subvencións de Galicia, ao estar nominativamente prevista no orzamento municipal. A entidade realiza o desenvolvemento de actuacións e atencións socioeducativas e comunitarias no ámbito da saúde menstrual e sexual dirixidas á comunidade: alumnado, profesorado e adolescentes, detectándose a necesidade de apoio económico para garantir a continuidade ou mellora das actuacións

Polo exposto a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar o convenio para a concesión directa de subvención nominativa 2026.
- A autorización e compromiso de gasto a entidade Cromosomos X - con N.I.F. G01830512, por importe de 500,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 231-48002 dentro do proxecto de gasto do PROXECTO PLAN CONCERTADO 2026/3/CRRTE/1/1.

PRP2026/2607

Nas Bases de Execución do Orzamento do exercicio 2026 recóllese a concesión dunha subvención nominativa á entidade Asociación Parkinson de la provincia de Pontevedra, con N.I.F. G36456317, por importe de 1.500,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 231-48002.

A subvención tramítase en réxime de concesión directa, conforme ao artigo 22.2.a) da Lei 38/2002, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e ao artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao estar nominativamente prevista no orzamento municipal.

A entidade realiza o desenvolvemento de actuacións e atencións dirixidas as persoas con enfermidades neurodexenerativas, especialmente coa enfermidade de Parkinson e a súa contorna mediante o Proxecto Parkinson Pontevedra, detectándose a necesidade de apoio económico para garantir a continuidade ou mellora das actuacións.

Polo exposto a Xunta de Goberno Local, acorda:

- Aprobar o convenio para a concesión directa de subvención nominativa 2026.
- A autorización e compromiso de gasto a entidade Asociación Parkinson de la provincia de Pontevedra, con N.I.F. G36456317, por importe de 1.500,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 231-48002, , dentro do proxecto de gasto do PROXECTO PLAN CONCERTADO 2026/3/CRRTE/1/1.

PRP2026/2603

Nas Bases de Execución do Orzamento do exercicio 2026 recóllese a concesión dunha subvención nominativa á entidade Alcer Pontevedra, con N.I.F. G94096088, por importe de 500,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 231-48002.

A subvención tramítase en réxime de concesión directa, conforme ao artigo 22.2.a) da Lei 38/2002, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e ao artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao estar nominativamente prevista no orzamento municipal.

A entidade realiza o desenvolvemento de actuacións e intervención encamiñadas á sensibilización en relación á enfermidade do ril crónica así como a atención integral ás persoas afectadas e a súa contorna , detectándose a necesidade de apoio económico para garantir a continuidade ou mellora das actuacións

Polo exposto a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar o convenio para a concesión directa de subvención nominativa 2026.
- A autorización e compromiso de gasto a entidade Alcer Pontevedra, con N.I.F. G94096088, por importe de 500,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 231-48002, , dentro do proxecto de gasto do PROXECTO PLAN CONCERTADO 2026/3/CRRTE/1/1.

PRP2026/2600

Nas Bases de Execución do Orzamento do exercicio 2026 recóllese a concesión dunha subvención nominativa á entidade Fundación Galega Contra o Narcotráfico con N.I.F. G36242071, por importe de 1.500,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 231-48002.

A subvención tramítase en réxime de concesión directa, conforme ao artigo 22.2.a) da Lei

38/2002, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e ao artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao estar nominativamente prevista no orzamento municipal. A entidade realiza o desenvolvemento de actuacións encamiñadas á prevención e sensibilización no ámbito das adiccións e drogodependencias, detectándose a necesidade de apoio económico para garantir a continuidade ou mellora das actuacións. Polo exposto a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar o convenio para a concesión directa de subvención nominativa 2026.
- A autorización e compromiso de gasto a entidade Fundación Galega Contra o Narcotráfico con N.I.F. G36242071, por importe de 1.500,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 231-48002 dentro do proxecto de gasto do PROXECTO PLAN CONCERTADO 2026/3/CRRTE/1/1

PRP2026/2599

Nas Bases de Execución do Orzamento do exercicio 2026 recóllese a concesión dunha subvención nominativa á entidade Asociación Española Contra el Cáncer con N.I.F. G28197564, por importe de 1.500,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 231-48002.

A subvención tramítase en réxime de concesión directa, conforme ao artigo 22.2.a) da Lei 38/2002, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e ao artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao estar nominativamente prevista no orzamento municipal.

A entidade realiza o desenvolvemento de actuacións e intervención encamiñadas á sensibilización en relación á enfermidade do cancro, así como a atención integral a persoas afectadas e a súa contorna, detectándose a necesidade de apoio económico para garantir a continuidade ou mellora das actuacións

Polo exposto a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar o convenio para a concesión directa de subvención nominativa 2026.
- A autorización e compromiso de gasto a entidade Asociación Española Contra el Cáncer con N.I.F. G28197564, por importe de 1.500,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 231-48002 dentro do proxecto de gasto do PROXECTO PLAN CONCERTADO 2026/3/CRRTE/1/1.

PRP2026/2598

Nas Bases de Execución do Orzamento do exercicio 2026 recóllese a concesión dunha subvención nominativa á entidade entidade Cruz Vermella O Salnés, con N.I.F. Q2866001G, por importe de 7.800,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 231-48002.

A subvención tramítase en réxime de concesión directa, conforme ao artigo 22.2.a) da Lei 38/2002, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e ao artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao estar nominativamente prevista no orzamento municipal.

A entidade realiza o desenvolvemento de actuacións e actividades dirixidas a paliar situacións de emerxencia social de carácter urxente e inmediato dirixidas a persoas en posible situación de risco de exclusión detectándose a necesidade de apoio económico para garantir a continuidade ou mellora das actuacións.

Polo exposto a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar o convenio para a concesión directa de subvención nominativa 2026.
- A autorización e compromiso de gasto a entidade Cruz Vermella O Salnés, con N.I.F. Q2866001G, por importe de 7.800,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 231-48002, , dentro do proxecto de gasto do PROXECTO PLAN CONCERTADO 2026/3/CRRTE/1/1.

PRP2026/2596

Nas Bases de Execución do Orzamento do exercicio 2026 recóllese a concesión dunha subvención nominativa á entidade Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela - Interparroquial de Arousa (San Cibrán) con N.I.F. R1500053B, por importe de 9.500,00 € con

cargo á aplicación orzamentaria 231-48002.

A subvención tramítase en réxime de concesión directa, conforme ao artigo 22.2.a) da Lei 38/2002, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e ao artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao estar nominativamente prevista no orzamento municipal.

A entidade realiza o desenvolvemento de actuacións e actividades enmarcadas no funcionamento do centro de Cáritas Interparroquial de Arousa – San Cibrán detectándose a necesidade de apoio económico para garantir a continuidade ou mellora das actuacións.

Polo exposto a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar o convenio para a concesión directa de subvención nominativa 2026.
- A autorización e compromiso de gasto a entidade Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela - Interparroquial de Arousa (San Cibrán) con N.I.F. R1500053B, por importe de 9.500,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 231-48002, dentro do proxecto de gasto do PROXECTO PLAN CONCERTADO 2026/3/CRRTE/1/1.

PRP2026/2594

Nas Bases de Execución do Orzamento do exercicio 2026 recóllese a concesión dunha subvención nominativa á entidade Solidariedade Galega co Pobo Saharaui (SOGAPS) con N.I.F. G15924558, por importe de 3.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 231-48002 (1.500,00 euros) e con cargo a partida 320-48002 (1.500,00 euros).

A subvención tramítase en réxime de concesión directa, conforme ao artigo 22.2.a) da Lei 38/2002, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e ao artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao estar nominativamente prevista no orzamento municipal.

A entidade realiza o desenvolvemento do programa “Vacacións en Paz”, detectándose a necesidade de apoio económico para garantir a continuidade ou mellora das actuacións.

Polo exposto a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar o convenio para a concesión directa de subvención nominativa 2026.
- A autorización e compromiso de gasto a entidade Solidariedade Galega co Pobo Saharaui (SOGAPS) con N.I.F. G15924558, por importe de 3.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 231-48002 (1.500,00 euros), dentro do proxecto de gasto do PROXECTO PLAN CONCERTADO 2026/3/CRRTE/1/1 e con cargo a partida 320-48002 (1.500,00 euros).

PRP2026/2593

Nas Bases de Execución do Orzamento do exercicio 2026 recóllese a concesión dunha subvención nominativa á entidade Fundación Monte do Gozo – Proxecto Home Galicia con N.I.F. G15258213, por importe de 1.500,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 231-48002.

A subvención tramítase en réxime de concesión directa, conforme ao artigo 22.2.a) da Lei 38/2002, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e ao artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao estar nominativamente prevista no orzamento municipal.

A entidade realiza o desenvolvemento de actuacións destinadas a prevención de drogodependencias e intervencións integrais vencelladas a situacións persoais de dependencia de substancias, detectándose a necesidade de apoio económico para garantir a continuidade ou mellora das actuacións.

Polo exposto a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar o convenio para a concesión directa de subvención nominativa 2026.
- A autorización e compromiso de gasto a entidade Fundación Monte do Gozo – Proxecto Home Galicia con N.I.F. G15258213, por importe de 1.500,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 231-48002, dentro do proxecto de gasto do PROXECTO PLAN CONCERTADO 2026/3/CRRTE/1/1.

EMPREGO

PRP2026/2626

Revisado o expediente de solicitude de axuda dentro do Programa de Axudas Municipais á contratación por conta allea 2026, presentada por NATALIA DACOSTA MARTÍNEZ NIF 35486766C, infórmase pola Area de Promoción Económica o seguinte:

Recibida a solicitude de axuda, compróbase que a única documentación que se xunta é o formulario de solicitude. Non se acompaña, por tanto, a documentación obrigatoria e necesaria para a tramitación do expediente, en aplicación do establecido na Base Oitava parágrafo 5º das bases reguladoras:

...Os expedientes que non cumpran as exigencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, quedarán a disposición do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de non admisión na que se indicarán as causas da mesma....

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local acorda a inadmisión da solicitude de axuda á contratación por conta allea formulada por NATALIA DACOSTA MARTÍNEZ, debendo a persoa solicitante presentar unha nova acompañando a mesma da documentación preceptiva e necesaria para a súa tramitación.

PRP2026/2627

Revisado o expediente de solicitude de axuda dentro do Programa de Axudas Municipais á contratación por conta allea 2026, presentada pola empresa TRES ELECTRICIDAD DE VILLAGARCIA SL. NIF B36206027, infórmase pola Área de Promoción Económica o seguinte:

Recibida a solicitude de axuda, compróbase que a única documentación que se xunta é o formulario de solicitude o CIF da empresas e o Contrato de traballo. Non se acompaña, por tanto, a documentación obrigatoria e necesaria para a tramitación do expediente, en aplicación do establecido na Base Oitava parágrafo 5º das bases reguladoras:

?Os expedientes que non cumpran as exigencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, quedarán a disposición do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de non admisión na que se indicarán as causas da mesma....

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local acorda a inadmisión da solicitude de axuda á contratación por conta allea formulada pola empresa TRES ELECTRICIDAD DE VILLAGARCIA SL, debendo a empresa solicitante presentar unha nova acompañando a mesma da documentación preceptiva e necesaria para a súa tramitación.

PRP2026/2629

Revisado o expediente de solicitude de axuda dentro do Programa de Axudas Municipais á contratación por conta allea 2026, presentada pola empresa KEMEGAL QUIMICOS SL NIF B36553444, infórmase pola Area de Promoción Económica o seguinte:

Recibida a solicitude de axuda, compróbase que a única documentación que se xunta é o formulario de solicitude. Non se acompaña, por tanto, a documentación obrigatoria e necesaria para a tramitación do expediente, en aplicación do establecido na Base Oitava parágrafo 5º das bases reguladoras:

...Os expedientes que non cumpran as exigencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, quedarán a disposición do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de non admisión na que se indicarán as causas da mesma....

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local acorda a inadmisión da solicitude de axuda á contratación por conta allea formulada pola empresa KEMEGAL QUIMICOS SL, debendo a empresa solicitante presentar unha nova acompañando a mesma da documentación preceptiva e necesaria para a súa tramitación.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS**MERCADOS**

PRP2026/2628

Dáse conta do escrito de D. Daniel Pérez Pérez, solicitando autorización e formalizar os trámites para adquirir en transferencia a concesión dos postos nº 2-3, da Praza do Peixe da Praza de Abastos de Vilagarcía de Arousa, dos que é concesionaria Dona María Jesús García Fernández.

En base ao Regulamento das Prazas de Abastos de Vilagarcía, aprobado definitivamente en sesión plenaria de 26 de xaneiro de 2023, se pode solicitar as formalizacións de transferencias das concesións dos postos.

O proceso de transmisibilidade das concesións está preceptuado no Artigo 22 do Regulamento das Prazas de Abastos. A transferencia será polos anos que queden de vixencia da concesión.

No seu punto 3) de que cando se realice o traspaso o Concello terá dereito a percibir o 20% do prezo no que se fixe a transmisión, cun mínimo equivalente o 10% do prezo fixado na derradeira transmisión do posto, actualizado co IPC. Ambas partes acreditan en documento firmado a cantidade acordada pola transmisión, (8.000 € polos dous postos).

A efectos de evitar especulación cos postos o Concello poderá solicitar informe técnico aos efectos de determinar se o prezo pactado entre ambas partes é acorde cos prezos medios do mercado no Concello.

No punto 4) di que a transmisión da concesión solicitarase a instancia de parte, mediante solicitude escrita do interesado á Xunta de Goberno Local.

Logo da comunicación efectuada polo interesado, se procederá á apertura dun período de información pública por prazo de 15 días, a efectos de que os posibles interesados na transmisión formulen as súas ofertas.

Finalizado o prazo de exposición pública, o/a Xefe/a de Mercados emitirá un informe que será elevado xunto co expediente completo á Xunta de Goberno Local, quen deberá decidir da procedencia ou non da transmisión de dos termos da mesma.

No suposto de acordar a Xunta de Goberno Local a conformidade do traspaso, realizarase polo/a transmitente e beneficiario/a unha comparecencia ante o/a responsable do mercado, ratificándose na correspondente proposta da liquidación da taxa que proceda.

Polo tanto o segundo paso sería a apertura dun período de información pública desta solicitude por prazo de 15 días.

Visto o informe do Xefe de Mercados a Xunta de Goberno Local acorda a apertura dun período de información pública por prazo de 15 días a través da sede electrónica municipal (sede.vilagarcia.gal), a efectos de que os posibles interesados na transmisión formulen as súas ofertas.

SANIDADE

PRP2026/2614

Con data 25 de xuño de 2026, rexistro de entrada 2026005464, don Juan José Daponte Vázquez, titular da licenza de taxi número 43 (autorización interurbana 05585142) solicita suspensión temporal por un período de 6 meses da obriga de prestar o servizo de taxi, dado que por motivos persoais de carácter urxente e inaprazable vese obrigado a ausentarse do termo municipal de Vilagarcía de Arousa circunstancia que lle imposibilita materialmente a prestación do servizo de taxi durante dito período.

Coa presente suspensión temporal o número de licenzas non sufrirá unha redución superior a terceira parte das existentes no concello, polo que non terían que adoptarse as medidas de garantía dos servizos previstas no artigo 16 do citado regulamento.

Vista a solicitude presentada e a situación persoal do solicitante, de conformidade co establecido no Regulamento Municipal dos Servizos Urbanos de Transportes en automóviles lixeiros, na Lei 4/2013 de Transporte Público de Galicia, no Decreto 103/2018, de 13 setembro, polo que se aproba o regulamento da citada Lei 4/2013 e demais normativa de pertinente aplicación, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Autorizar a suspensión temporal, por prazo de 6 meses, a contar dende a adopción do presente acordo, da vixencia do título habilitante da licenza de taxi número 43, da que é titular don Juan José Daponte Vázquez, motivada na imposibilidade exercer a profesión por atoparse fora do termo municipal de Vilagarcía de Arousa..

2. Comunicarlle a don Juan José Daponte Vázquez que unha vez vencido o prazo de suspensión,

deberá reiniciarse de maneira efectiva a actividade no prazo de un mes ou solicitar á ampliación de período de suspensión achegando os preceptivos informes e partes médicos, comunicando ao concello esta circunstancia. Asemade deberá presentar, con carácter previo ao reinicio da actividade, ITV en vigor do vehículo e taxímetro e seguro en vigor con copia do pago da prima correspondente. En caso contrario incorrerase en causa determinante de caducidade do título habilitante.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2026/2630

Dáse conta do informe do Servizo de Parques e xardíns, en relación coa necesidade de reparación do parque infantil da Xunqueira, consistente na substitución de 4 pezas en mal estado dun elemento de xogo (torre activa), a cal presenta roturas en diversos puntos, o que supón un perigo por risco de corte, polo que resulta necesario proceder á súa inmediata substitución.

Dáse conta do presuposto presentado pola empresa OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO S.L por unha cantidade de 1.875,50 € (IVE 21% incluído)

Por todo o anteriormente exposto, a Xunta de goberno local acorda autorizar o gasto e adxudicar o contrato menor de obra citado á empresa OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO S.L. con CIF B70329321 por un importe total de 1.875,50 € (IVE INCLUÍDO), con cargo á partida orzamentaria 171-22615.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2026/2587

Dáse conta do informe do Servizo de Medio Ambiente, en relación coa necesidade de subministración de apeiros e ferramentas imprescindibles para poder realizar o traballo diario desde servizo. Debido ao desgaste natural destes producidos polo seu uso diario sería necesario proceder á substitución de 2 rozadoiras, 1 batería e 1 motoserra.

Dáse conta dos presupostos presentados polas empresas FRANCISCO PADIN SILVA (Madeco) con CIF 35462419-F por unha cantidade de 2.696,00 € (IVE 21% incluído), COMERCIAL CHAVES S.L. con CIF B36228682 por unha cantidade de 3.125,99 € (IVE 21% incluído) e SANTIAGUIÑO MAQUINARIA con CIF 76869316-G. por unha cantidade de 3.125,99 € (IVE 21% incluído).

Por todo o anteriormente exposto, a Xunta de goberno local acorda a autorizar o gasto e adxudicar o contrato menor de obra citado á empresa FRANCISCO PADIN SILVA (Madeco) con CIF 35462419-F por un importe de 2.696,00 € (IVE INCLUÍDO), con cargo ao proxecto ao RC 220260008191, partida orzamentaria 1720-62300.

A entrega do material realizárase no prazo de dez días dende a notificación da súa adxudicación. Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2026/2631

Dáse conta de informe do Servizo de Parques e xardíns, en relación coa necesidade de reparación do parque da Tomada en Carril, consistente na substitución dun taboleiro de xogo de minibasket, o cal está roto e resulta necesaria a súa substitución.

Dáse conta do presuposto presentado pola empresa BAYGAR S.L., por unha cantidade de 1.082,95 € (IVE 21% incluído).

Por todo o anteriormente exposto, a Xunta de Goberno Local acorda a adxudicación do contrato menor de subministración citado á empresa BAYGAR S.L. con CIF: B-12019659, por un importe

de 1.082,95 € (IVE 21% incluído), con cargo ao proxecto 2025/2/PREST/6 e á partida orzamentaria 171-61900.

A entrega do material realizarase no prazo de seis semanas dende a notificación da súa adxudicación.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

CULTURA

PRP2026/2588

Vista a proposta das Concellerías de Cultura e Sanidade, Emerxencias e Seguridade Cidadá, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á Empresa ENMACOSA CONSULTORÍA TÉCNICA SA a realización das revisións técnicas das atraccións de feira durante as Festas de San Roque 2026, por un importe total de 9.801,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 135.22799, de conformidade co orzamento presentado.

Os traballos técnicos a realizar son os seguintes:

- Inspección da montaxe da instalación.
- Supervisión do funcionamento e seguridade da atracción.
- Recompilación e supervisión da documentación da instalación e do persoal que as manipule.
- Información ao departamento responsable de todos os aspectos que afectan á autorización da atracción revisada

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2026/2613

Vista a solicitude de Dona Marina del Carmen Penas Chaves, en representación da Asociación Comisión de Festas Virxe do Carme de Solobeira e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello das seguintes actuacións, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra da Virxe do Carme en Solobeira o vindeiro día 2 de agosto de 2026:

NOME FISCAL	CIF	DIA ACTUACIÓN	IMPORTE
ASOCIACIÓN CULTURAL OS XIRIFEIROS - Gaitas-	G36439792	02-08-2026	391,00€
ASOCIACIÓN CULTURAL CORAL SAN PEDRO DE CORNAZO	G94108933	02-08-2026	350,00€

Deberá figurar a colaboración do Concello de Vilagarcía, para elo deberá engadir o logotipo do Concello de Vilagarcía no material gráfico publicitario utilizado, sendo isto requisito para efectuar a aprobación da factura correspondente e o aboamento da mesma.

Comunicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2026/2615

Vista a solicitude de D. Javier Quintáns Berridi, en representación da Cofradía de Pescadores Santiago Apostol de Carril e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello das seguintes actuacións, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra da Virxe do Carme en Carril, o día 16 de xullo de 2026:

NOME FISCAL	CIF	DÍA ACTUACIÓN	IMPORTE	APLIC. ORZAMENTARIA
ASOC. CULTURAL POLIFÓNICA DE VILAXOÁN	G36446862	16-07-2026	585,00€	334-22609

ASOCIACIÓN CULTURAL AIRIÑOS DO CARRIL	G94006004	16-07-2026	350,00€	334-22609
---------------------------------------	-----------	------------	---------	-----------

Deberá figurar a colaboración do Concello de Vilagarcía, para elo deberá engadir o logotipo do Concello de Vilagarcía no material gráfico publicitario utilizado, sendo isto requisito para efectuar a aprobación da factura correspondente e o aboamento da mesma.

Comunicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2026/2616

Vista a solicitude de Da Comisión de Festas San Martiño de Galáns, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello das seguintes actuacións, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra de San Martiño en Galáns, os vindeiros días 14 e 15 de novembro de 2026:

- Actuación da ASOCIACIÓN CULTURAL FOLCLÓRICA UNIÓN PIÑEIRO DE GUILLAN (Grupo de Gaitas Treboada):

- Día 14-11-2026: 350,00 €
- Día 15-11-2026: 350,00 €

Deberá figurar a colaboración do Concello de Vilagarcía, para elo deberá engadir o logotipo do Concello de Vilagarcía no material gráfico publicitario utilizado, sendo isto requisito para efectuar a aprobación da factura correspondente e o aboamento da mesma.

Comunicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2026/2618

Por Dona Eva Marina González González solicitouse o uso da Sala de Conferencias e seminarios 1 e 2 do Auditorio Municipal para os días 6 e 7 de xullo de 2026, para o evento ENREDATE, dirixido a emprendedores e empresas e dinámicas de networking.

O trámite para autorización de uso de instalación municipal non se levou á Xunta de Goberno Local con anterioridade a data da celebración, polo tanto non se valoraron e tramitaron as de taxas correspondentes.

Polo exposto, vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o cobro das taxas correspondentes o uso de instalación municipal, segundo o establecido na Ordenanzas Fiscais III.1 reguladora do prezo público pola prestación de servizos e utilización e outras instalacións do Concello de Vilagarcía de Arousa.

ESPAZO	HORAS	HORA	IMPORTE TOTAL
SALA CONFERENCIAS (6 e 7 de xullo)	8 h.	15,25 €/h.	122,00€
SEMINARIO 1	4 h.	10,20 €/h.	40,80€
SEMINARIO 2	4 h.	10,20 €/h.	40,80€
			203,60€

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

Dar conta ao Departamento de Rendas.

PRP2026/2619

Por Dona Begoña Fontán Caeiro solicitouse o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal para o día 6 de xuño de 2026, para a actividade denominada GALA DE DANZA-FIN DE CURSO, do Centro Artístico "Begoña Fontán", ás 20:30 horas.

Esta actividade tivo un prezo de entrada único de 6 €, sendo a recadación obtida para a solicitante.

O trámite para autorización de uso de instalación municipal non se levou á Xunta de Goberno Local con anterioridade a data da celebración, polo tanto non se valoraron e tramitaron as de taxas correspondentes.

Polo exposto, vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o cobro das taxas correspondentes o uso de instalación municipal, segundo o establecido na Ordenanzas Fiscais III.1 reguladora do prezo público pola prestación de servizos e utilización e outras instalacións do Concello de Vilagarcía de Arousa.

ESPAZO	DIAS/HORAS	PREZO DÍA/HORA	IMPORTE TOTAL
SALÓN DE ACTOS AUDITORIO	1 DÍA	264,70€	264,70€
RESPONSABLE SALA	7 h. (ESTIMATIVA)	10,20€	71,40€
OPERARIO (2 operarios)	14 HS. (ESTIMATIVA 2 OPERARIOS)	10,20€	142,80€
			478,90€

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

Dar conta ao Departamento de Rendas.

PRP2026/2620

Por Dona Gema Pizarro Expósito solicitouse o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal para o día 5 de xuño de 2026, para a actividade denominada GALA DE DANZA-FIN DE CURSO, ás 21:00 horas.

Esta actividade tivo un prezo de entrada de 3 € e 4 €, sendo a recadación obtida para a solicitante.

O trámite para autorización de uso de instalación municipal non se levou á Xunta de Goberno Local con anterioridade a data da celebración, polo tanto non se valoraron e tramitaron as de taxas correspondentes.

Polo exposto, vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o cobro das taxas correspondentes o uso de instalación municipal, segundo o establecido na Ordenanzas Fiscais III.1 reguladora do prezo público pola prestación de servizos e utilización e outras instalacións do Concello de Vilagarcía de Arousa.

ESPAZO	DIAS/HORAS	PREZO DÍA/HORA	IMPORTE TOTAL
SALÓN DE ACTOS AUDITORIO	1 DÍA	264,70€	264,70€
RESPONSABLE SALA	5 HS. (ESTIMATIVA)	10,20€	51,00€
OPERARIO (2 operarios)	10 HS. (ESTIMATIVA 2 OPERARIOS)	10,20€	102,00€
			417,70€

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

Dar conta ao Departamento de Rendas.

PRP2026/2622

Por Dona María José Lede Loureiro solicitouse o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal para o día 3 de xuño de 2026, para a actividade "Festival Fin de Curso" de Inquedanza Dance Studio.

Esta actividade tivo un prezo de entrada único de 5 €, sendo a recadación obtida para a

solicitante.

O trámite para autorización de uso de instalación municipal non se levou á Xunta de Goberno Local con anterioridade a data da celebración, polo tanto non se valoraron e tramitaron as de taxas correspondentes.

Polo exposto, vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o cobro das taxas correspondentes o uso de instalación municipal, segundo o establecido na Ordenanzas Fiscais III.1 reguladora do prezo público pola prestación de servizos e utilización e outras instalacións do Concello de Vilagarcía de Arousa.

ESPAZO	DIAS/HORAS	PREZO DÍA/HORA	IMPORTE TOTAL
SALÓN DE ACTOS AUDITORIO	1 DÍA	264,70€	264,70€
RESPONSABLE SALA	9 h. (ESTIMATIVA)	10,20€	91,80€
OPERARIO (2 operarios)	18 HS. (ESTIMATIVA 2 OPERARIOS)	10,20€	183,60€
			540,10€

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

Dar conta ao Departamento de Rendas.

PRP2026/2724

Pola Concellería de Cultura dáse conta á Xunta de Goberno Local do Contrato de Patrocinio debidamente asinado entre a Empresa ESPINA Y DELFÍN S.L. (C.I.F B15026693) e o Concello de Vilagarcía de Arousa para as actividades programadas durante as festas de San Roque 2026, por un total de 27.000,00 euros.

O obxecto do contrato é a difusión da imaxe da patrocinadora en toda a publicidade que se leve a cabo das Festas, conseguindo que chegue ao maior número de espectadores posible.

A acción publicitaria materializarase incorporando a marca logo da empresa (ESPINA Y DELFÍN S.L.) no programa de Festas de San Roque 2026 (formato dixital e en papel) e difusión por internet, web e redes sociais, mupies, displays, e, en definitiva, calquera outro soporte publicitario que se valore para a difusión das Festas de San Roque 2026 e se acorde entre as partes.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

CONTRATACIÓN

PRP2026/2559

A Xunta de Goberno Local do concello de Vilagarcía de Arousa, en sesión celebrada o 28 de outubro de 2024, entre outros acordos, aprobou o proxecto técnico denominado «Memoria valorada para Instalación de ascensor no edificio do Centro de Emerxencias», cun orzamento de execución por contrata de 61.212,07€.

Tramítase expediente de contratación para adxudicar as obras incluídas no proxecto de referencia, ditándose Providencia de Incoación, con data 12 de xuño de 2026.

Documento de retención de crédito, emitido pola intervención municipal o 26 de xuño de 2026.

No expediente constan, entre outros, os seguintes documentos: memoria xustificativa de necesidade, providencia de incoación, proxecto técnico (que inclúe as prescricións técnicas), informe de non división en lotes, prego de cláusulas administrativas particulares e informe xurídico.

Polo exposto, e visto que o expediente de contratación foi completado, previa incorporación do informe de fiscalización pola Intervención Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobado o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria, para adxudicar o contrato de obras de «Instalación de ascensor no edificio do Centro de Emerxencias».

Segundo.- Aprobado o prego de cláusulas administrativas particulares e os seus anexos, que rexerán as relacións entre as partes do contrato, cun orzamento de licitación (IVE incluído) de 61.212,07€.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe de 61.212,07€, con cargo con cargo ás aplicacións 135-62200 e 135-62300, co seguinte desglose:

Partida orzamentaria	Proxecto de gasto	Importe
135- 62200	2020/2/PREST/3	29.685,55 €
135-62300	2024/2/PREST/8	31.526,52 €

Cuarto.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, tramitación ordinaria e licitación electrónica, a través dos servizos da plataforma de contratación do sector público.

PRP2026/2561

ada ano, o Concello de Vilagarcía de Arousa ofrece ós cidadáns un período festivo que contribúe á convivencia e benestar de tódolos veciños do municipio. Para iso organiza unhas festas multitudinarias na honra de San Roque.

Para maior realce das festas, prográmanse unha serie de actuacións artísticas no Parque de A Xunqueira, dado o seu carácter céntrico, e que poden seguirse por miles de persoas. Os artistas que alí actúan son un dos maiores polos de atracción das festas de San Roque, o que ademais redunda na recepción de visitantes no Concello de Vilagarcía de Arousa, xa que son moitas as persoas que acoden a Vilagarcía a gozar das actuacións programadas, o que deixa importantes beneficios no sector da hostalería en xeral. As actuacións programadas para as festas de San Roque son, polo tanto, unha oportunidade para atraer turismo a Vilagarcía.

Con motivo da organización das festas de San Roque 2026, faise precisa, entre outras, unha actuación musical que anime a noite do 20 de agosto, consistente na actuación do cantante “BARRY B”, téndose realizado pola concellería de cultura unha busca, tendo en conta criterios de calidade artística, o caché, a dispoñibilidade de calendario, a aceptación de actuar ó aire libre, variedade de estilos e públicos ós que se dirixe a programación das festas, así como a aceptación dos requisitos técnicos e organizativos das Festas, etc.

A necesidade a satisfacer mediante o contrato é o espaxamento cultural da cidadanía e o fomento da música, do turismo e da actividade económica do municipio.

O obxecto do contrato consiste nunha representación artística única, a realizar por un músico, polo que non é posible dividir o obxecto do contrato en lotes.

De acordo co disposto no art. 25.1a) da lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, teñen carácter privado os contratos de interpretación artística e literaria e os de espectáculos, como é o caso do que se propón contratar.

O obxecto do contrato, a actuación do cantante “BARRY B”, consiste nunha representación artística única non integrante do patrimonio histórico español. O artista citado ten concedida a súa representación en exclusiva á empresa EL RUGIDO MUSIC SERVICES, S.L.U.

Tendo isto en conta, non é posible promover a concorrência na licitación, polo que, en virtude do disposto polo art. 168.2 a) da lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, o Concello poderá adxudicar o contrato utilizando o procedemento negociado sen publicidade.

No expediente de contratación consta a memoria xustificativa da necesidade do contrato, proposta de incoación do expediente de contratación, providencia de incoación, certificado de existencia de crédito, os pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas particulares que rexerán a licitación e o informe xurídico favorable.

En atención ao exposto, e previa incorporación ao expediente de contratación do informe de fiscalización da intervención municipal, a Xunta de Goberno Local acorda:

1. Aprobar o expediente de contratación mediante procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria, para a adxudicación do contrato privado denominado “ACTUACIÓN DO CANTANTE “BARRY B”, NAS FESTAS DE SAN ROQUE 2026.”, cun orzamento de licitación de 42.350,00 € (IVE inc.)
2. Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas e os seus anexos, que rexerán as relacións entre as partes do contrato.
- 3.- Autorizar o gasto para a adxudicación do contrato privado denominado “ACTUACIÓN DO CANTANTE “BARRY B”, NAS FESTAS DE SAN ROQUE 2026.”, por importe de 42.350,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 338-22609 do vixente orzamento municipal.
- 4.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, mediante procedemento negociado

sen publicidade, a través dos servizos de licitación electrónica da Plataforma de Contratación do Sector Público.

PRP2026/2583

Con data 22 de setembro de 2025, a Xunta de Goberno Local do concello de Vilagarcía de Arousa, acordou adxudicar o contrato de obras de “Ampliación de saneamento e abastecemento na rúa Muíños de Cea” (expediente CT 81/2024-e), cofinanciado pola Excm. Deputación Provincial de Pontevedra, con cargo ao Plan Máis Provincia 2025, á mercantil Montajes J.M. Iglesias, S.L. O 7 de outubro de 2025 procedeuse á sinatura do correspondente contrato administrativo, efectuándose a acta de comprobación do reformulo o 7 de novembro de 2025 e sendo recibida a obra o 19 de febreiro de 2026.

Constan no expediente da obra de referencia dúas Resolucións, previas á adxudicación do devandito contrato, ditadas polo Servizo de Augas de Galicia da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia de data unha de data 2 de abril de 2025, aos efectos de autorizar das obras no ámbito das súas competencias e outra Resolución (CVE 8On6osgmE7f1), de data 26 de xuño de 2026, de autorización de vertidos de augas residuais domésticas, xa que as augas residuais recollidas no saneamento da rúa Muíños de Cea do núcleo de Carballido – Cea, son tratadas no sistema de Depuración sito no lugar de Carballido-Cea. Dita autorización, entre outras, establece os límites dos parámetros do vertido das augas residuais domésticas e pon como condición a remisión anual destes controis.

Visto que con data 11 de xuño de 2026, número de rexistro 2026008046, recibíuse requirimento de Augas de Galicia para presentación da seguinte documentación:

“-Documentación acreditativa de que as obras previstas xa foron executadas e de que as instalacións de tratamento e evacuación das augas residuais se axustan ao establecido na autorización de vertido outorgada.

- No seu caso, informes de ensaio, emitidos polo laboratorio de análise, cos resultados dos controis do vertido efectuados ata a actualidade, conforme ao establecido na autorización de vertido outorgada.”

Tendo solicitado, mediante rexistro de saída de data 1 de xullo de 2026, unha ampliación do prazo para a contestación de requirimento.

Visto que, de conformidade co indicado pola Oficina técnica Municipal, ditos análises deben ser realizados por empresa homologada; faise necesario realizar unha contratación externa destes servizos, por non ser posible a súa realización polos profesionais do Concello de Vilagarcía de Arousa.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda Adxudicar o contrato menor de servizos consistentes na elaboración de informes de ensaio de análises de augas residuais procedentes de sistemas de depuración en rúa Ameal e en Carballido á mercantil Espina & Delfín, S.L. (NIF B15026693), por un importe de 243,88 €, ao que lle corresponde un IVE 21% de 51,21€, o que totaliza un importe de adxudicación 295,09 € con cargo á aplicación orzamentaria 160-22706 de conformidade co orzamento presentado.

PRP2026/2624

Con data 5 de xaneiro de 2026, a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto técnico denominado «Proxecto mellora de accesibilidade en Aquilino Iglesia Alvariño e acondicionamento de aparcadoiro disuasorio». Sendo necesaria a modificación do referido proxecto, mediante Resolución de alcaldía de data 27 de marzo de 2026, corrixida por Resolución do 31 de marzo de 2026, foi aprobado o proxecto denominado “Mellora de accesibilidade en Aquilino Iglesia Alvariño”, redactado pola arquitecta dona Lucía Araujo Castiñeiras, cun orzamento de execución por contrata (IVE engadido) de 134.756,24€.

Tramítase expediente de contratación para adxudicar as obras incluídas no proxecto de referencia, ditándose Providencia de Incoación, con data 6 de xullo de 2026.

Por acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 26 de xaneiro de 2026, acordouse solicitar subvención, con cargo á liña 1 do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal 2026-2027 (Plan + Provincia), coa finalidade de financiar o investimento “Mellora de accesibilidade en Aquilino Iglesia Alvariño e acondicionamento de aparcadoiro disuasorio”. Por

Resolución de alcaldía, de data 27 de marzo de 2026, modificouse a referida solicitude, por importe de 134.756,24€, tras a precitada modificación do proxecto.

A Deputación Provincial de Pontevedra concedeu a devandita subvención por acordo da súa Xunta de Goberno, do 19 de xuño de 2026.

Figura no expediente documento de retención de crédito, emitido pola Intervención municipal o 7 de xullo de 2026.

No expediente constan, entre outros, os seguintes documentos: proxecto técnico (que inclúe as prescricións técnicas), acta de reformulo, memoria xustificativa de necesidade, providencia de incoación, informe de non división en lotes, prego de cláusulas administrativas particulares e informe xurídico.

Polo exposto, e visto que o expediente de contratación foi completado, previa incorporación do informe de fiscalización pola Intervención Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria, para adxudicar o contrato de obras de «Mellora de accesibilidade en Aquilino Iglesias Alvariño».

Segundo.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e os seus anexos, que rexerán as relacións entre as partes do contrato, cun orzamento de licitación (IVE incluído) de 134.756,24€.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe de 134.756,24€, con cargo á aplicación orzamentaria 1530 61900 (proxecto de gasto 2026/2/+PRO/2/1).

Cuarto.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, tramitación ordinaria e licitación electrónica, a través dos servizos da plataforma de contratación do sector público.

PRP2026/2625

A Xunta de Goberno Local do concello de Vilagarcía de Arousa tomou, en sesión celebrada o 22 de decembro de 2025, entre outros acordos, o de aprobar o proxecto técnico denominado «Substitución de luminarias por tecnoloxía LED en instalacións deportivas», cun orzamento de execución por contrata de 181.258,00 €.

Tramítase a instancia desta concellería, expediente de contratación para adxudicar as obras incluídas no proxecto de referencia, ditándose Providencia de Incoación, con data 6 de xullo de 2026.

Por acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do o 22 de decembro de 2025, solicitouse subvención, con cargo ao III Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas da Deputación Provincial de Pontevedra, por importe de 181.258,00 €, coa finalidade de financiar este investimento.

A Deputación Provincial de Pontevedra concedeu a devandita subvención por acordo da súa Xunta de Goberno, do 15 de maio de 2026.

Figura no expediente documento de retención de crédito, emitido pola Intervención municipal o 7 de xullo de 2026.

No expediente constan, entre outros, os seguintes documentos: proxecto técnico (que inclúe as prescricións técnicas), acta de reformulo, memoria xustificativa de necesidade, providencia de incoación, informe de non división en lotes, prego de cláusulas administrativas particulares e informe xurídico.

